



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVIZO DE CULTURA, IGUALDADE E DEREITOS CIVÍS  
Expediente: 2026000008620

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DAS PERSOAS QUE FORMARÁN PARTE DO XURADO DAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS MARIÑÁN, NA MODALIDADE DE MÚSICA (RESI-MU) DO ANO 2026

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

De conformidade coas bases reguladoras das Residencias Mariñán, que foran aprobadas por resolución da Presidencia número 2025 / 58071 e publicadas no BOP número 236 de 10 de decembro de 2025.

Logo de ver os informes da Sección cultura e do Servizo de fiscalización,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Nomear o xurado das Residencias artísticas Mariñán na modalidade de música, que estará composto polas persoas seguintes:

**Presidenta:** Natividad de Jesús González Rodríguez, deputada de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

**Vogais:** Carles Sala Marzal  
Beatriz Rodríguez Fontán  
Mario García Cortizo

**Secretaría:** Manuela Muñiz Souto, xefa do Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís, e na súa ausencia, Jose Juan Rioja Lema, xefe de negociado da Sección de cultura.

**Segundo.-** Fixar os honorarios que se abonarán as persoas do xurado de acordo co seguinte:

Nome e apelidos	NIF	Importe honorarios	IRPF	Importe líquido a percibir
Carles Sala Marzal	***3165**	800,00€	120,00€	680,00€
Beatriz Rodríguez Fontán	***2211**	800,00€	120,00€	680,00€
Mario García Cortizo	***0112**	800,00€	120,00€	800,00€

**Terceiro.-** Establecer que as persoas designadas estarán obrigadas a gardar segredo sobre os datos ou informacións relativas á Deputación, os seus empregados, os seus usuarios e, en xeral, a calquera dato relacionado ao que teña acceso en virtude da vinculación que

mantén coa Deputación. En consecuencia, comprométese a preservar a confidencialidade da información e á non divulgación a terceiros. As persoas designadas obríganse, igualmente, a non utilizar a información á que tivesen acceso durante a súa relación coa Deputación en beneficio propio ou doutros.

**Cuarto.-** Aprobar que as cantidades sinaladas sexan aboadas no seu momento, despois da retención do IRPF correspondente, con cargo á partida 0612/3341/22609, fase A, operación número 220259001434, do vixente Orzamento.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.